

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AO NOMEAMENTO INTERINO DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POLO PERÍODO DE 9 MESES.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 11-2022, por un importe total de 19.123,05 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura ao nomeamento interino dun Auxiliar Administrativo para o Servizo de Medio Ambiente por acumulación de tarefas polo período de 9 meses.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 844/2022 de día 19.05.2022, así como RCMOD núms: 34429/2022, 34430/2022 e 34431/2022 de día 18.05.2022, por importe total de 19.123,05 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 19.123,05 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
17100.12005	10.229,92 €	17000.14301	14.575,33 €
17100.12100	2.845,18 €	17000.16000	4.547,72 €
17100.13002	6.047,95 €		
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>19.123,05 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>19.123,05 €</b>

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.